

# FRONTE Á GRIPE

## SOBRAN MOTIVOS PARA VACINARSE


### [1] A VACINACIÓN



Diminúe o risco de **visitas médicas** nun **50-69 %**.<sup>1</sup>




En **maiores de 50 anos** reduce o risco de hospitalización nun **57 %**<sup>2</sup> e en persoas con **diabetes**, nun **79 %**.<sup>3</sup>



Reduce a **transmisión do virus** a outras persoas.

### [2] TEMPADA DE GRIPE 2016/2017



O **91 %** dos pacientes graves hospitalizados presentaban **factores de risco**.<sup>1</sup>




O **74 %** dos **pacientes graves** eran persoas **maiores de 65 anos**, das que a metade non estaban vacinadas.<sup>1</sup>

### [3] VACÍNATE CADA ANO



Os virus da gripe varían dun ano para outro. **A vacina adáptase anualmente** aos virus que vaian circular con maior probabilidade.

### [4] A VACINA É MOI SEGURA



Posibles **efectos secundarios leves** na zona da inxección.



Con **menor frecuencia**: febre ou malestar xeral.



Está elaborada con virus inactivos, polo que **non pode provocar a gripe**.

### [5] É MOI SINXELO



Acude ao teu **centro sanitario** habitual.



Ou ben fala co **servizo de prevención** no traballo.

## LEMBRA!

As consecuencias da gripe poden ser máis graves en:

**Persoas maiores**  
**Persoas que padecen enfermidades crónicas**  
**Embarazadas**

FRONTE Á GRIPE  
**[VACÍNATE]**  
**SOBRAN MOTIVOS**

<sup>1</sup> Instituto de Salud Carlos III. *Informe de Vigilancia de la Gripe en España. Temporada 2016-2017 (Desde la semana 40/2016 hasta la semana 20/2017). Sistema de Vigilancia de la Gripe en España.* Disponible en: <http://www.isciii.es/ISCIII/es/contenidos/fd-servicios-cientifico-tecnicos/fd-vigilancias-alertas/fd-enfermedades/gripe.shtml>

<sup>2</sup> Havers F, et al. *Case-Control Study of Vaccine Effectiveness in Preventing Laboratory-Confirmed Influenza Hospitalizations in Older Adults, United States, 2010–2011.* Clin Infect Dis 2016, 10(63): 1304–1311.

<sup>3</sup> Colquhoun A.J, et al. *Effectiveness of influenza vaccine in reducing hospital admissions in people with diabetes.* Epidemiol Infect. 1997 Dec; 119(3): 335-341.